



Regras do Torneo

1 - Terreo de xogo, data e hora dos partidos

Os partidos xogaranse no Pavillón Municipal de San Marcos (Abegondo) segundo o calendario previsto.

As horas e o día de celebración dos encontros será marcado pola Organización, facilitándolles a cada equipo un Calendario de Competición.

A data e hora dos partidos **non se poderán cambiar**, salvo acordo de todos os conxuntos implicados e autorización da organización.

O inicio do partido, por motivo de falta de tempo, deberá ser á hora estipulada no Calendario de Competición.

2 - O balón

A Organización facilitará un balón regulamentario para cada encontro.

Cada equipo deberá levar ao partido, polo menos, un balón para poder quentar.

3 - Número de xogadores/as

Cada equipo deberá estar formado por un mínimo de 5 xogadores/as, dos/as cales un/unha deberá actuar como porteiro/a.

O número máximo de xogadores/as será de 15, e os respectivos equipos deberán presentar a inscrición completa no formulario de inscrición ao torneo. **Unha vez inscrito o/a xogador/a, non se poderá borrar nin cambiar por outro/a xogador/a.**

Só poderán tomar parte nos encontros aqueles/as xogadores/as que figuren no formulario de inscrición.

Non se poderán realizar novas incorporacións nin intercambios de xogadores/as, pola **vinculación nominativa existente dos/das xogadores/as inscritos/as e o seguro de accidentes deportivos tramitado pola organización.**

Durante os partidos, os/as xogadores/as deberán estar en posesión de algún documento que acredite a súa identidade e mostralo ante o requirimento do/da Árbitro/a ou da Organización (DNI ou fotocopia do mesmo, ou ficha da Federación).

Para que dea comezo o partido, é necesario que estean sobre a pista 5 xogadores/as de cada equipo.



No caso de que na pista non se atopen o citado número de xogadores/as á hora de comezo do encontro, empezará a correr o tempo no marcador e no caso de que ao chegar aos cinco minutos de xogo, todavía non se presentase o equipo, o partido será dado por gañado ao equipo que si estivese presente na pista.

O número máximo de xogadores/as por banquillo para cada partido, incluídos/as os/as que se atopen xogando, será de 15 xogadores/as.

En caso de que, por calquera circunstancia, un equipo quedase reducido a menos de 3 xogadores/as no transcurso do xogo, o/a Árbitro/a decretará a suspensión do encontro.

O resultado do citado partido quedará a criterio da Organización.

Permitirase un número indeterminado de cambios e da forma que se indica na Regra III das [Regras de xogo do Futsal 2025/26 de FIFA](#).

4 - Equipación dos xogadores/as

As cores das camisetas dos/das xogadores/as do mesmo equipo deberán de ser iguais, e a do pantalón será como mínimo similar entre eles.

O/A porteiro/a vestirá cores diferentes á dos/das xogadores/as de pista do seu equipo, podendo usar pantalón largo e luvas.

Se un equipo non contase cunha equipación igual para todos/as os/as seus xogadores/as, usarán camiseta branca e petos de cor que lles facilitaría a Organización ou o/a Árbitro/a.

En caso de que nun partido coincidan as cores das camisetas dos equipos, o que figure como visitante terá obriga de cambiar a camiseta ou utilizar petos.

Se a cor coincidente fose a do/da Árbitro/a, este deberá usar un peto diferenciado.

5 – Árbitros/as

As súas funcións virán determinadas polas [Regras do xogo do Futsal 2025/26 de FIFA](#).

O/A Árbitro/a, ao finalizar cada encontro, deberá cubrir unha acta do encontro no que quedará reflexado, entre outras cousas, o resultado, a aliñación, os/as goleadores/as e, en caso de haber algunha, as incidencias do partido. **Esta acta será unha das referencias que terá en conta a Organización ante calquera problema que poida xurdir.**



6.1 - Duración dos partidos en FASE PREVIA

O tempo de duración dos partidos é de **30 minutos cronometrados**, divididos en **dúas partes de 15 minutos**, cada unha, con **dous minutos de descanso entre ambas**.

Na fase previa non se permitirá ningún **tempo morto**.

O partido será a **tempo corrido**, é dicir, o cronómetro non se parará salvo casos excepcionais como lesións, etc. que debe de valorar o árbitro. En caso de que o balón saia fóra da pista, non se deterá o xogo, senón que se continuará con un dos balóns de reserva.

6.2 - Duración dos partidos en SEGUNDA FASE

O tempo de duración dos partidos é de **40 minutos cronometrados**, divididos en **dúas partes de 20 minutos**, cada unha, con **catro minutos de descanso** entre ambas.

Permitirase aos/ás adestradores/as, delegados/as ou capitáns dos equipos, solicitar **un tempo morto en cada encontro** disputado, o cal terá unha duración de un minuto.

O partido será a **tempo corrido**, é dicir, o cronómetro non se parará salvo nos tempos mortos ou en casos excepcionais como lesións, etc. que debe de valorar o árbitro. En caso de que o balón saia fóra da pista, non se deterá o xogo, senón que se continuará con un dos balóns de reserva.

6.3 - Duración dos partidos nas FINAIS

Por finais, referímonos aos últimos tres encontros: **Final Feminina, Final Masculina** e o **encontro dos Veteráns do RC Deportivo e os Artistas Ardebullo FC**.

O tempo de duración dos partidos é de **40 minutos cronometrados**, divididos en **dúas partes de 20 minutos**, cada unha, con **dez minutos de descanso** entre ambas.

Permitirase aos/ás adestradores/as, delegados/as ou capitáns dos equipos, solicitar dous tempos mortos, é dicir **un tempo morto en cada parte**, sendo de 1 minuto de duración cada un dos tempos solicitados.

O partido será a **tempo corrido**, é dicir, o cronómetro non se parará salvo nos tempos mortos ou en casos excepcionais como lesións, etc. que debe de valorar o árbitro. En caso de que o balón saia fóra da pista, non se deterá o xogo, senón que se continuará con un dos balóns de reserva.

7 - Regras do xogo

As regras que rexirán neste torneo benéfico son as da [Real Federación Galega de Fútbol](#) e da [Real Federación Española de Fútbol](#).



Recomendamos que se preste especial atención as seguintes regras presentes nas [Reglas de xogo do Futsal 2025/26 de FIFA](#).

- Saque de banda
- Saque de esquina
- Saque de meta
- Tanto marcado
- Faltas e incorreccións
- Faltas acumulativas
- O penalti
- Tarxetas

8 - Organización

O **Comité de Competición** estará constituído pola **Organización** e o **colectivo arbitral**.

A constitución do Comité de Competición será secreta e designada pola Organización.

As decisións do Comité de Competición **daranse a coñecer verbalmente** e por escrito (anunciado no taboleiro) **aos equipos interesados**.

As funcións do Comité de Competición será resolver as sancións, etc. e sobre calquera conflito ou dubida que poda xurdir ao longo do Campeonato.

9 - Sancións

Os/As xogadores/as sancionados/as con **tarxeta vermella** serán castigados/as con **un (1) partido de suspensión**. Está sanción poderá incrementarse se o Comité de Competición así o estimase oportuno.

Os/As xogadores/as sancionados/as con **dúas tarxetas amarelas no mesmo partido**, terán como sanción a súa **suspensión no mesmo partido**.

Os/As **xogadores/as que insulten con gravidade, ou ostentosamente, ao/á árbitro/a ou aos/ás xogadores/as do equipo rival**, serán sancionados/as coa **expulsión inmediata do Torneo**.

Os/As **xogadores/as que agredan de forma intencionada ao/á árbitro/a ou aos/ás xogadores/as do equipo rival**, serán sancionados/as coa **expulsión inmediata do Torneo**.

Se **varios/as xogadores/as do mesmo equipo agreden de forma intencionada ao/á árbitro/a ou aos/ás xogadores/as do equipo rival, o equipo agresor será sancionado coa expulsión inmediata do Torneo**.

ORGANIZA



A BENEFICIO DE



COLABORAN





O equipo que provoque intencionadamente **destrozos nas instalacións onde se desenvolverá o Torneo**, será **expulsado inmediatamente do mesmo, debendo aboar os gastos de reparacións dos destrozos** ocasionados.

O equipo que **non esté completo** (polo menos 5 xogadores/as) **na pista de xogo 5 minutos despois da hora indicada no Calendario de Competición**, será sancionado coa **perda do partido**, cun **marcador de 3 goles a 0** en contra do equipo ausente, **sempre e cando este resultado non benefíciase o equipo sancionado** no Gol Average.

Se **dous xogadores/as do mesmo equipo fosen expulsados/as do Torneo por conduta inadecuada**, o **Comité de Competición** reservárase o **dereito de expulsar o resto do equipo**.

Os/As xogadores/as que non cumpran as normas enunciadas en todos os apartados do Regramento que rixe o Torneo, serán sancionados/as segundo o estime o Comité de Competición.

As decisións sancionadoras do Comité de Competición non poderán ser recurridas.

En caso de empate en **semifinais**, o resultado decidírase co **lanzamento de penaltis**.

No caso de que isto ocorra na **final**, primeiro disputarase unha **prórroga única de 5 minutos**, e se aínda así **persistise o empate**, procederíase ao **lanzamento de penaltis**.

Se **un equipo abandoase un partido antes de que o mesmo concluíse, o equipo rival gañará por 3-0** ou polo resultado no momento que o outro equipo decida abandonar o partido, anulando os goles en contra. O **equipo rival gañara 3 puntos** e o **equipo que abandona será sancionado coa perda de 3 puntos**.

Regras de xogo Futsal 2025/26 FIFA

Lembrámosche que para participar no torneo é fundamental coñecer o **Regulamento oficial de Fútbol Sala para a tempada 2025/2026**.

Podes descargalo directamente desde a nosa páxina web: [[descargar aquí](#)]

Revisar as normas é importante para garantir o xogo limpo e a mellor experiencia para todos os participantes.

Se tes dúbidas, non dubides en contactar connosco. Preparámonos para un **torneo cheo de deporte, solidariedade e moita ilusión!**

ORGANIZA



A BENEFICIO DE



COLABORAN



XVI torneo benéfico mételle un gol ó cancro